

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 23 de xaneiro de 2006

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucía Molares Pérez
D. José Manuel Iglesias Carrera
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D^a. Soledad Polo Lima
D. Carlos Comesaña Abalde
D. Antonio Coello Bufill
D^a. Marta Iglesias Bueno

NON ASISTE:

D. Javier Jorge Guerra Fernández.

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dezaseis minutos do día vintetres de xaneiro de dous mil seis e baixo a presidencia da Excm. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o concelleiro Sr. Couto Pérez, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(64).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesións: ordinaria do 19, a extraordinaria e urxente do 23 e a ordinaria do 26 de decembro de 2005. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(65).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 136/2005 INTERPOSTO POR AQUALIA FCC VIGO UTE CONTRA A DESESTIMATORIA DO REC. REPOSICIÓN EN RELACIÓN COA SANCIÓN IMPOSTA POR INCUMPRIMENTO CONTRACTUAL. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 13.12.05 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº1 de Vigo no recurso de referencia, interposto contra resolución do concelleiro delegado de Medio Ambiente do Concello de vigo de data 23.05.05 desestimatoria do recurso de reposición presentado por Aqualia-Fcc Vigo Ute contra a recaída no expediente sancionador número 2.547/306 pola que se lle

impoñía á empresa unha sanción de multa de 4.785 € por incumprimento das súas obrigas contractuais coa Administración municipal. A sentenza falla o seguinte:

Desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto por Aqualia-FCC Vigo UTE fronte o Concello de Vigo contra a Resolución enriba indicada, que se declara conforme a Dereito, sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ós Departamentos de Medio Ambiente, Policía Local e o Laboratorio.

3(66).- SENTENZA DO TSXG NO R.C.A Nº 02/4766/02 INTERPOSTO POR DRAGADOS S.A., CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE XUROS DE MORA NO PAGO DO CERTIFICACIÓN Nº 11 DE OBRAS DE REHABILITACIÓN NA UNIVERSIDADE POPULAR. ESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 29.09.05 dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimamos no sustancial o recurso contencioso-administrativo interposto pola empresa ACS Proyectos, Obras y Construcciones, S.A., hoxe Dragados, S.A., contra a desestimación presunta por silencio administrativo por parte do Concello de Vigo da reclamación da recorrente de aboamento dos xuros devengados polo tardío aboamento da cetificación número 11 da obra de rehabilitación integral do edificio da Universidade Popular, eliminación de barreiras arquitectónicas e articulación das alas principal e anexa, silencio que anulamos por non ser conforme a dereito e no seu lugar condenamos ao citado Concello a que abone á recorrente a suma de seis mil noventa e cinco euros con sesenta e oito céntimos, (6.095,68 euros) máis seus xuros legais dende a data de reclamación xudicial, 21 de xuño de 2002; sen custas.

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta a Intervención municipal.

4(67).- SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 02/5358/02 INTERPOSTO POR DÑA. FELISA JOAQUINA MILLARES NIETO CONTRA DESESTIMACIÓN POR SILENCIO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. ESTIMADO PARCIALMENTE.

Dáse conta da sentenza de data 30.09.05, dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimamos parcialmente o recurso contencioso-administrativo interposto pola procuradora doña Visitación H. González Pereira, en nome e representación de doña Felisa Joaquina Millares Nieto,

en relación coa desestimación por silencio da reclamación de responsabilidade patrimonial do Concello de Vigo en relación cos danos sufridos por doña Felisa Joaquina Millares Nieto ao caerse na vía pública, e declaramos que o acto recorrido non é conforme a dereito, e o anulamos totalmente recoñecendo o dereito da recorrente a ser indemnizada pola Administración demandada na cantidade de 19.878,78 euros, máis os xuros legais dende a data de reclamación administrativa ata a data desta sentenza e, dende esta, os xuros correspondentes de conformidade co disposto ne L.E.C e no ámbito establecido para a Facenda Pública pola Lei Xeral Presupuestaria; sen imposición das custas.

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao Departamento de Patrimonio.

5(68).- SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 02/4578/03 INTERPOSTO POR DÑA. SALUDINA JUSTO DURÁN, CONTRA DESESTIMACIÓN POR SILENCIO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. ESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 16.11.05 dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Acollemos o recurso contencioso-administrativo da procuradora Sra. Lodos Pazos, no nome de Dª Saludina Justo Durán contra a desestimación por silencio da reclamación de responsabilidade patrimonial presentada o 15.03.2002 ante o Concello de Vigo anulándoa por ser contrario a dereito e condeamos ao Concello (e a súa aseguradora MUSSINA, S.A, dentro dos límites do contrato de seguro) a indemnizala nas cantidades que determinen en execución de sentenza polos danos na súa vivenda e a realizar as obras necesarias na rúa Baixada á Herba para evitar as filtracións de auga. Non se fai declaración das custas.

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao Departamento de Patrimonio.

6(69).- SENTENZA DO X. CONTENCISO-ADMINISTRATIVO Nº1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 86/05 (PROC. AB.) INTERPOSTO POR DÑA. TEODORA BARROS SEDÓN CONTRA ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 27.12.04 DESESTIMATORIO DE RECLAMACIÓN PATRIMONIAL POR DANOS. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 21.12.05 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº1 de Vigo no recurso de referencia, interposto contra a resolución do Concello de Vigo de 27.12.04 da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo desestimatoria da reclamación formulada pola recorrente ante o concello para que se lle indemnizaran os danos e prexuízos ocasionados con motivo da caída na rúa Toledo con Jenaro de la Fuente, ante a presenza dunha focha sen sinalizar na calzada. A sentenza falla o seguinte:

Desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto pola representación de Teodora Barros Sendón fronte ao Concello de Vigo contra a resolución enriba indicada, que se declara conforme a dereito, sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao Departamento de Patrimonio.

7(70).- SENTENZA DO TSXG R.C.A. Nº02/4006/02 INTERPOSTO POR DÑA. MARÍA SÁNCHEZ MORAIS, CONTRA RESOLUCIÓN DE 26.10.01 QUE INADMITE A RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. ESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 30.09.05 dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Acollemos parcialmente o recurso contencioso-administrativo do procurador Sr. Castillo Villacampa, no nome de D^a María Sánchez Morais contra o acordo de 26.10.2001 do Concello de Vigo, anulándoo por contrario a dereito e condenando ao Concello (e a súa aseguradora dentro dos límites do contrato) a pagarlle a cantidade de 3.377,50 euros, mailos xuros percibidos dende a reclamación en vía administrativa. Non se fai declaración en materia de custas.

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao Departamento de Patrimonio.

8(71).- SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº02/4922/02 INTERPOSTO POR DÑA. ISABEL FERNÁNDEZ PÉREZ CONTRA DESESTIMACIÓN POR SILENCIO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. ESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 07.09.05 dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, interposto contra resolución do Concellode Vigo presuntamente desestimatoria por silencio admnistrativo da reclamación de responsabilidade patrimonial deducida pola actora en solicitude de indemnización polos danos ocasionados ao vehículo da súa propiedade. A sentencia falla o seguinte:

Estimar como se estima a presentación deducida no recurso contencioso-administrativo interposto pola representación procesual de D^a. Isabel Fernández Pérez contra as resolucións reseñadas no encabezamento desta resolución que se anulan e deixan sen efecto pola súa disconformidade co ordenamento xurídico debendo proceder a administración demandada a indemnizar ao recorrente na cantidade reclamada que ascende a 618,51 euros; e isto sen facer especial pronunciamento con respecto á imposición das custas.

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao Departamento de Patrimonio.

9(72).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 197/2005 (PROC. ABR) INTERPOSTO POR D. ALFREDO LÓPEZ CONCEPCIÓN CONTRA DESESTIMACIÓN POR SILENCIO DO REC. DE REPOSICIÓN EN RELACIÓN CON SANCIÓN DE TRÁFICO. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 15.11.05 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº1 de Vigo no recurso de referencia, interposto contra desestimación do recurso de reposición contra a resolución sancionadora de data 30.12.04 recaída no expediente administrativo nº 1041975484 pola que se lle impón unha sanción de 150 € por estacionar en dobre fila. A sentenza falla o seguinte:

Desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto pola representación de Alfredo López Concepción fronte ao Concello de Vigo seguido como proceso abreviado número 197/05, contra a resolución enriba indicada que se declara conforme a Dereito, sen pronunciamiento en materia de custas.

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó Departamento Municipal de Circulación.

10(73).-SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 91/2004 INTERPOSTO POR TAMARO, S.L. CONTRA RESOLUCIÓN POLA QUE SE IMPÓN A HUGO CELSO GARRIDO VÁZQUEZ UNHA SANCIÓN ECONÓMICA E SE ORDENA A CLAUSURA DEFINITIVA DA DISCOTECA BYBLOS CONTAMINACIÓN ACÚSTICA. ESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 14.10.05 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

ESTIMO o recurso contencioso-administrativo interposto pola representación de Tamaro, S.L., fronte ao Concello de Vigo contra a resolución de 25.02.04 pola que se impón a Hugo Celso Garrido Vázquez a sanción de 42.070 € e a sanción de clausura definitiva do establecemento TAMARO, S.L., consistente na discoteca BYBLOS, de conformidade co establecido nos artigos 15 e16 da Lei 7/1997, de 11 de agosto e 41,42 e 44 da Ordenanza municipal de ruídos e vibracións, publicada no B.O.P. número 198, de 16 de outubro de 2000, polo que se anula e deixa sen efecto, sen pronunciamiento en materia de custas.

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó Departamento de Medio Ambiente.

11(74).-SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 2/5061/2000 INTERPOSTO POR D^a MERCEDES COSTAS RODRÍGUEZ CONTRA DESESTIMACIÓN DE RECLAMACIÓN SOBRE RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO DE BENS PARA EXCLUIR O CAMIÑO SITO NO LUGAR DA GARITA RAMAL 4 EN ALCABRE. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 14.10.05 dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, contra desestimación presunta por silencio administrativo negativo do Concello de Vigo da reclamación formulada con data 13.07.00 sobre rectificación do inventario de bens de dito Concello a fin de que el denominado camiño público de Garita-Alcabre deixara de figurar como tal en dito inventario. A Setentenza falla o seguinte:

Que desestimo as pretensións deducidas no presente recurso contencioso-administrativo, debemos declarar e declaramos a conformidade a Dereito dos actos administrativos recorridos, que, polo tanto, debemos confirmar.

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao Departamento de Patrimonio.

12(75).-SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO DO R.C.A. Nº 162/2004. P.O., INTERPOSTO POR D. JOSÉ MANUEL GARRIDO MARTÍNEZ CONTRA DESESTIMACIÓN DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE POR DANOS. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 13.12.05 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto por José Manuel Garrido Martínez fronte o Concello de Vigo, en que figuran como interesadas-codemandadas MUSINI, S.A, E SERAGUA, contra a resolución do Concello de Vigo de 03.05.2004 pola que desestima a reclamación en concepto de responsabilidade patrimonial formulada por José Manuel Garrido Martínez para que se lle indemnicen os danos ocasionados como consecuencia dunha inundación sufrida polo seu establecemento, situado na rúa Ecuador número 18 de Vigo, o día 11.07.1999, que se declara conforme a Dereito, sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó Departamento de Patrimonio.

13(76).-SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº1 DE VIGO DO R.C.A. Nº 94/2005, INTERPOSTO POR Dª. MARÍA JOSÉ AGRIZ VILAR CONTRA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DE SEGURIDADE DESESTIMATORIA DE RECURSO EN RELACIÓN CON SANCIÓN DE TRÁFICO. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 18.10.05 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº1 de Vigo no recurso de referencia, interposto contra a resolución do concelleiro delegado de Seguridade do Concello de vigo de 29.12.04, confirmatoria da ditctada na data 28.10.04 no expediente número 1041739708 que impoñía á recorrente a sanción de 120€ por exceso de velocidade. A Sentenza falla o seguinte:

DESESTIMO o recurso contencioso administrativo interposto pola representación de MARÍA JOSÉ ARGIZ VILAR fronte o CONCELLO DE VIGO no PROCESO AVERIADO número 94/05, polo que declaro o acto obxecto de recurso conforme a Dereito, sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó Departamento Municipal de Circulación.

14(77).-SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 02/4115/02 INTERPOSTO POR D. FRANCISCO JAVIER CASAL REY CONTRA DESESTIMACIÓN POR SILENCIO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. ESTIMADA PARCIALMENTE.

Dáse conta da sentenza de data 14.10.05 dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que estimando parcialmente as pretensións deducidas no presente recurso contencioso-administrativo, debemos condenar e condenamos ao Concello de Vigo a indemnizar a D. Francisco Javier Casal Rey na cantidade de 26.000 pesetas con xuros legais polos danos sufridos no seu vehículo.

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao Departamento de Patrimonio.

15(78).-SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO DO R.C.A. Nº 9/2005 INTERPOSTO POR D. FAUSTO ELADIO IGLESIAS SANTIAGO, DESESTIMACIÓN POR SILENCIO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. ESTIMADA PARCIALMENTE.

Dáse conta da sentenza de data 27.09.05 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimo parcialmente o recurso contencioso-administrativo interposto por Fausto Iglesias Santiago fronte á desestimación presunta polo Concello de Vigo, da reclamación patrimonial efectuada polo actor

en data 9 de decembro de 2003, no Expte. nº12/243; resolución que anulo, ao entendela contraria a Dereito, condenando á administración demandada a aboar ao actor a cantidade de 340,32 €, máis os xuro legal dende a data de reclamación en vía administrativa; sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao Departamento de Patrimonio (RPA).

16(79).-SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 02/4859/02 INTERPOSTO POR D^a. ASUNCIÓN COSTAS BESADA CONTRA DESESTIMACIÓN POR SILENCIO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 07.09.05 dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que procede desestimar as pretensións deducidas en recurso contencioso-administrativo interposto pola representación procesual de D^a Asunción Costas Besada contra a resolución do Concello de Vigo presuntamente desestimatoria por silencio administrativo da reclamación de responsabilidade patrimonial deducida en data 3 de abril de 2001 polo funcionamento anormal dos servizos públicos, que se declara conforme a Dereito; e isto sen facer especial pronunciamento con respecto á imposición das custas.

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó Departamento de Patrimonio.

17(80).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº1 DE VIGO INTERPOSTO POR D. JOSÉ UBALDO LÓPEZ LEICEAGA CONTRA DESESTIMACIÓN DE REC. DE REPOSICIÓN EN RELACIÓN CON SANCIÓN DE TRÁFICO. ESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 17.11.05 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº1 de Vigo no recurso de referencia, interposto contra resolución de 8.04.05 do concelleiro delegado de Seguridade do Concello de vigo, confirmatoria en alzada da resolución sancionadora pola que se lle impón ao recorrente unha multa na contía de 45 € por infracción do artigo 110.1 RGC por utilizar en exceso os sinais acústicos. A sentenza falla o seguinte:

Estimo o recurso contencioso-administrativo interposto pola representación de José Ubaldo López Leiceaga, seguido como proceso abreviado número 178/05, fronte ao Concello de Vigo, contra a resolución enriba iniciada, que se declara nula, e se deixa sen efecto, con imposición das custas do procedemento á Administración demandada.

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao Departamento Municipal de Seguridade, Circulación e Transporte.

18(81).-AUTO DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 138/05 INTERPOSTO POR D. ENRIQUE GÁDARA PEREIRA CONTRA DESESTIMACIÓN POR SILENCIO DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. DESESTIMENTO.

Dáse conta do auto de data 12.12.05 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Dispoño que debía acordar e acordaba ter á procuradora Montserrat Barreras González en nome e representación de Julio-Enrique Gándara Pereira, por desistido na prosecución do presente procedemento.

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido do auto, do que deberá darse conta ao Departamento de Patrimonio.

19(82).-AUTO DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº1 DE VIGO DO R.C.A. Nº 127/05 INTERPOSTO POR D. JOSÉ MANUEL IGLESIAS ÁLVAREZ CONTRA DESESTIMACIÓN POR SILENCIO DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. DESESTIMENTO.

Dáse conta do auto de data 24.11.05 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Dispoño que debía acordar e acordaba ter á procuradora Doña Montserrat Barreras González no nome e representación de José Manuel Iglesias Alvarez, por desistido na prosecución do presente procedemento.

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido do auto, do que deberá darse conta ao Departamento de Patrimonio.

20(83).-AUTO DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº1 DE VIGO DO R.C.A. Nº171/05 INTERPOSTO POR D. JOSÉ RAMÓN IBÁÑEZ GÓMEZ CONTRA RESOLUCIÓN DE INADMISIÓN DO CONCELLEIRO DE PATRIMONIO DE RECLAMACIÓN PATRIMONIAL POR DANOS. REMATADO POR SATISFACCIÓN EXTRAPROCESUAL.

Dáse conta do auto de data 18.11.05 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Se declara rematado o presente procedemento interposto pola representación de D. José Ramón Ibañez Gómez contra o Concello de Vigo por existir satisfacción extraprocesual. Arquívase o actuado tomándose nota nos libros rexistro deste Xulgado, procédase á devolución do expediente administrativo á Administración demandada, unha vez firme a presente resolución.

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido do auto, do que deberá darse conta ó Departamento de Patrimonio.

21(84).-AUTO DO TSXG DO R.C. Nº 02/004562/2001 INTERPOSTO POR D. MANOEL SOTO FERREIRO CONTRA O CONCELLO DE VIGO POLO CONCURSO PARA A CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DO SERVICIO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS Á ESTACIÓN DE TRANFERENCIAS, Ó CENTRO DE ELIMINACIÓN, ASÍ COMA A LIMPEZA URBANA E DAS PRAIAS. FIXADA MINUTA POLO TRIBUNAL.

Dáse conta do auto de data 18.11.05 dictada pola sala do Contencioso do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Fíxase na cantidade de 23.510,59 euros a que por gastos suplidos e dereitos devengados será satisfeita ao procurador Sr. Pardo Fabeiro polo Concello de Vigo pola intervención de dito profesional no presente pleito, a quen deberá aboarlle no prazo de dez días baixo apercibimento de apremio.

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido do auto.

22(85).-AUTO DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº1 DE VIGO NO R.C. Nº 216/2005, PEZA SEPARADA 91/2005 INTERPOSTO POR ASTILLEROS Y CONSTRUCCIONES, S.A, CONTRA O CONCELLO DE VIGO E OUTROS, CONTRA A RESOLUCIÓN DESESTIMATRIA DE REC. DE REPOSICIÓN EN RELACIÓN CON EXPEDIENTE DE RESTAURACIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA. SUSPENSIÓN CAUTELAR DO ACORDO.

Dáse conta da sentenza de data 13.12.05 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Acceder á suspensión solicitada como medida cautelar, da execución do acordo do Concello de Vigo obxecto de recurso no procedemento ordinario nº 216/05, previa presentación pola actora, no prazo de seis días a partir da notificación desta resolución, de fianza por aval bancario en cuantía de 50.000 €, para garantir no seu caso os danos e perdas que poidan irrogarse á Administración, con indicación a dita parte de que non se acordará levar a cabo a execución do acordado nesta resolución, en tanto non se presente a caución requerida.

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido do auto.

23(86).-PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR:

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes-proposta do xefe do Sector de Acción Social, conformados pola Delegada de Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno Local acorda:

- a) Conceder a prestación de Servicio de Axuda no Fogar as seguintes persoas:
 - Dna. Argentina Moldes García, expte. 23/1010.
 - Dna. Dolores Alemparte Vieitez, expte. 23/737.
 - Dna. Consuelo González Novas, expte. 14/1354.

- b) Denegar a prestación de Servicio de Axuda no Fogar a
 - Dna. Emerita Carrera Collazo. Expte., 11/1293.

24(87).-ADHESIÓN DO CONCELLO DE VIGO AO CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A PROMOCIÓN DE ACCESIBILIDADE NO TRANSPORTE PÚBLICO URBANO QUE DESENVOLVE O IMSERSO E A FEMP. Nº EXPTE. 71428/210.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 16.01.06, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade e Seguridade, que di o seguinte:

- *En data 19 de setembro de 2005 por parte do Concello, dirixiuse escrito á FEMP no cal se solicitaba a adhesión do Concello de Vigo ao proxecto de promoción de accesibilidade no transporte público urbano que desenvolve o IMSERSO e a FEMP e informábase á citada Federación sobre a próxima incorporación ao servizo de transporte urbano da cidade de 8 autobuses marca IVECO, de 12 m. de plataforma baixa con rampa eléctrica e 4 autobuses, marca MAN, de 10 m., de plataforma baixa con rampa eléctrica, todos eles con aire acondicionado e con rótulos matriciales informativos, adxuntando, así mesmo, toda a información solicitada.*

- *Según escrito de data 16 de decembro de 2005 do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e a FEMP, a Comisión de seguimento do Convenio de colaboración entre o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e a FEMP, aprobou na súa reunión de data 15 de decembro de 2005, a proposta de adhesión presentada polo Concello de Vigo, acordando apoiar a incorporación de 4 autobuses estándar e 2 pequenos á flota do transporte regular para o cal o IMSERSO aportará un total de 48.080.96 €, solicitando a ratificación da solicitude de Adhesión ó convenio mediante o instrumento de adhesión firmado, así como a remisión de determinada documentación.*

Polo exposto sométese á aprobación da Xunta de Goberno Local o seguinte acordo:

- *Aproba-la adhesión do Concello de Vigo ó Convenio de colaboración suscrito o 26 de xullo de 2005, polo Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e a Federación Española de Municipios e Provincias, pola promoción da accesibilidade no transporte por autobús, polo cal se incorporan 12 autobuses accesibles á flota (8 autobuses estándar e 4 autobuses pequenos), dos cales 6 (4 autobuses estándar e 2 pequenos) son asignados para recibi-la aportación de 48.080.96 €.*

- Dar traslado do presente Acordo á Intervención municipal para a toma de razón.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(88).- PRÓRROGA DO CONTRATO, POR UN ANO, DA CASA DA ACOLLIDA PARA MULLERES MALTRATADAS. EXPTE. 1290/224.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da técnica da Oficina da Muller, do 9.01.06, conformado polo xefe de negociado do Servizo de Contratación, a concelleira da Muller e polo interventor xeral, que di o seguinte:

O “Grupo de Estudios sobre a Condición da Muller- Alecrín” ten adxudicado o contrato de xestión da Casa de Acollida para mulleres maltratadas por resolución da Ilma. Sra. Alcaldesa de data 30 de decembro de 2003. O importe inicial do contrato foi de 292.728,00 € .

Segundo establece a cláusula quinta do prego de cláusulas administrativas aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión de 17 de novembro de 2003 que rexen o contrato: “o contrato terá unha vixencia de dous anos dende o día seguinte a data de sinatura do contrato en documento administrativo, podéndose prorrogar por periodos anuais ata un máximo de dous, previo acordo expreso do órgano de contratación”

A xestión do servizo durante estes últimos anos por parte da empresa concesionaria é correcta, polo que se valora procedente continuar coa mesma xestora durante o presente ano 2006; cómpre pois propondese a aprobación dunha prórroga do actual contrato que comprenderá o período: xaneiro a decembro de 2006 (ambos incluídos).

Para facer fronte aos pagos dos gastos do servizo durante o período desta prórroga (xaneiro a decembro 2006) é necesario comprometer o importe total de 301.519,04 €. : que supón o prezo do contrato aprobado inicialmente 292.728€ , máis 8.791,04 € que corresponden a revisión de prezos do contrato aprobada na Xunta de Goberno Local o día 4 de abril de 2005.

O “ Grupo de Estudios sobre a condición da muller –Alecrín”, empresa adxudicataria do servizo presta a súa conformidade á proposta de prórroga por un ano máis o contrato, polo que se propón á Xunta de Goberno Local:

1º.- Aprobar unha prórroga dun ano de contrato da Casa de Acollida para mulleres maltratadas, que abranguería dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2006, ambos incluídos, co “Grupo de Estudios sobre a condición da Muller – Alecrín”, CIF g-36.633.154, empresa adxudicataria do servizo de acordo coa cláusula quinta do prego de cláusulas administrativas aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión de 17 de novembro de 2003, que rexen o contrato.

2º.- Aprobar o gasto de 301.519, 04 euros con cargo á partida presupostaria 463.2.227.06.00 do presuposto vixente, para facer fronte aos gastos que orixina a adxudicación do contrato do servizo no período da prórroga de contrato correspondente ao período: xaneiro a decembro de 2006 (ambos incluídos).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(89).-CONTRATACIÓN DO PROGRAMA EU TAMÉN SEI 2005/2006 DE 45 HORAS. EXPTE. 2311/224.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica da Oficina da Muller, do 9.01.05, conformado pola concelleira da Muller e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto por importe global de 23.734,35€, con cargo á partida 463.2.226.06.00 do presuposto vixente para facer fronte á realización dos cursos seleccionados, ó abeiro do disposto no art. 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004.

2º.- Autorizar o réxime excepcional de contrato menor de asistencia técnica, de conformidade co previsto no art. 201 do RDL 2/2000 de 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas e ó artigo 72 do RD 1098/2001, polo que se aproba o Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas e ás bases do concurso de ideas para a elaboración e desenvolvemento de proxectos e actividades para o programa da Concellería da Muller “Eu tamén sei 2005-2006”, aprobadas na Xunta de Goberno Local do 18 de xullo de 2005, co obxecto de contratar as/os monitoras/os que impartirán os cursos no segundo cuatrimestre do programa (xaneiro-xuño 2006). con:

- Mónica Calvo Serrano (Proposta 1) NIF: 36.083.616C
Curso: Esquecerse do esquecemento
Horas: 15
Vogalías: Asociación Amas de Casa Agarimo
Curso: Adestramento da memoria
Horas: 15
Vogalías: A-V. As Nosas Rúas, A.V. Emilio Crespo de Navia
Curso: Aprender a vivir
Horas: 15
Vogalías: A.M. Dorna
Horas: 30
Vogalías: CCR de Cabral
Curso: Habilidades sociais
Horas: 15
Vogalías: Unión C.M. de Consumidores/as y A. del Hogar de Vigo
Prezo hora: 33€
Contía: 3.465,00 Euros

- M^a Carmen Lamas Estévez (Proposta 3) NIF: 34.605.370F
 Curso: Pintura en tea
 Horas: 15
 Vogalías: A.V. Feira de Cabral
 Curso: Retacería artesá (Patchwork)
 Horas: 15
 Vogalías: Asociación de Personas Sordas de Vigo
 Curso: Miga de pan
 Horas: 15
 Vogalías: A.V. A Nosa Terra de Alcabre
 Horas: 30
 Vogalías: A.V.C.D. Candean, A.V. San Miguel de Oia
 Prezo hora: 33€
Contía: 3.465,00 Euros
- Alicia López San Segundo (Proposta 4) NIF: 06.503.401J
 Curso: Masas para modelar
 Horas: 15
 Vogalías: S.C.R.D. Helios
 Curso: Pintura Oleo
 Horas: 30
 Vogalías: A.V. Pontenova Freixeiro
 Prezo hora: 33€
Contía: 1.485,00 Euros
- Andrea Digiorgio Breard (Proposta 6) NIF: 36.172.942S
 Curso: Vestir a casa
 Horas: 30
 Vogalías: A.V. Cristo da Victoria de Coia
 Prezo hora: 33€
Contía: 990,00 Euros
- M^a Elena Pérez Posada (Proposta 13) NIF: 36.121.129C
 Curso: Canto tradicional, inici. e perfec.
 Horas: 30
 Vogalías: A.V. Rúas e Fontes de Cabral
 Prezo hora: 33€
Contía: 990,00 Euros
- Guadalupe García Fernández (Proposta 14) NIF: 36.033.077N
 Curso: Repuxado de metais
 Horas: 15
 Vogalías: A.V. Monte da Mina de Castrelos

Horas: 30
Vogalías: Fde. Peñas Recreativas el Olivo
Curso: Marquetería en carei, nacar e cuncha
Horas: 30
Vogalías: C.R.A.C. de Coruxo
Prezo hora: 33€
Contía: 2.475,00 Euros

- M^a Purificación Pérez González (Proposta 15) NIF: 36.089.847H
Curso: Museos en ruta
Horas: 15
Vogalías: A.V. Doutor José Castas de Bouzas
Horas: 30
Vogalías: Asociación de Personas Sordas de Vigo
Prezo hora: 33€
Contía: 1.485,00 Euros

- Fandiño Giraldez Isabel,
000642927N, SLNE (Proposta 27) CIF: B.36476752

Monitora: Carmen Bouza Acosta
Curso: Pastas moldeables
Horas: 15
Vogalías: C.C.R. Cabral

Monitora: Josefa L. Gallego González
Curso: Repuxado en coiro
Horas: 15
Vogalías: A.V. Emilio Crespo San Paio de Navia

Monitora: Regina Iglesias Domínguez
Curso: Primerao auxilios domésticos
Horas: 15
Vogalías: A.V. O Freixo de Valadares, C.R.A.C. Coruxo
Horas: 30
Vogalías: Asociación Galega Amigos del Rocío

Monitora: Siegrun Bischof
Curso: A vitalidade dos nosos alimentos
Horas: 15
Vogalías: Asociación de Mulleres Adiquerando
Curso: O botiquín da natureza
Horas: 15

Vogalías: A.V. Camiño Vello de Coia, Pontenova-Freixeiro

Prezo hora: 32,81€

Contía: 4.429,35 Euros

- C.C.A.R. Valladares (Proposta 29) CIF: B.G36617082

Monitora: M^a Isabel Rodríguez Iglesias

Curso: Aerobic e ximnasia

Horas: 15

Vogalías: C.C.A.R. de Valadares

Horas: 30

Vogalías: A.V. San Xurxo de Saiáns

Curso: Pilates para mulleres

Horas: 15

Vogalías: A.V. San Xurxo de Saiáns, A.V. As Fontes Sta. Cristina

Horas: 30

Vogalías: A.V. Feira de Cabral

Monitora: M^a Natividad Vila Costas

Curso: Ofimática

Horas: 45

Vogalías: A.V. Val do Fragoso

Prezo hora: 33€

Contía: 4.950,00 Euros

27(90).- CESIÓN DE USO DUN LOCAL NO EDIFICIO Nº 7 DA PRAZA DA PRINCESA AO CONSORCIO DO CASCO VELLO DE VIGO. EXPTE. 17393/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 15.12.05, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio e pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Normativa de aplicación.

- LRBRL (Lei 7/1985, de de 2 de abril , reguladora das Bases de Réxime Local).
- LPAAPP (Lei 33/2003, de 3 novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas).
- LRXAP e PAC (Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común).
- LALG (Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia).
- TRRL (R.D.L. 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de réxime local).
- RBEL (R.D.1372/1986, de 13 xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais).

Antecedentes:

Primeiro.- O Consorcio do Casco Vello de Vigo solicitou en data 21.10.2005 a cesión en uso do local sito no primeiro andar do edificio nº 7 da Praza da Princesa desta cidade de Vigo, nunha superficie de 101,68 m² co fin de ser destinada a sé provisional do devandito organismo, por un período de dous anos prorrogábeis en tanto non se fixase definitivamente a sé do mesmo.

O consorcio formula a súa solicitude ante a necesidade da disposición con carácter provisional dunha sé onde poida levar a cabo as súas actividades estimando axeitadas a ditos fins as instalacións municipais existentes no edificio nº 7 da Praza da Princesa, na actualidade ocupado parcialmente polos servizos municipais de Rehabilitación, atopándose baleira o resto da superficie interesada pola solicitante.

Segundo.- Pola oficina do Inventario Municipal infórmase que desde o pasado día 25 de outubro o concello é titular do edificio sito no nº 7 da praza da Princesa onde se sitúa o primeiro andar obxecto da súa solicitude que dispón dunha superficie total de 389 m² dos cales destínanse a patio 132,12 m²; a zona de usos comúns 32,47 m²; a oficina de rehabilitación do concello 122,72 m²; restando 101,68 m² libres e sen uso específico.

Terceiro.- Polo servizo de Administracións de Tributos, infórmase en data 09.12.05 que a ocupación do inmóbel non se atopa suxeita a taxa polo aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- O concello é propietario do edificio sito no nº 7 da Praza da Princesa, que consta de alta no Inventario Municipal de Bens e dereitos no seu epígrafe 1 de bens inmóbeis co código de propiedade 000056 e coa natureza xurídica de servizo público, atopándose, nembargantes, na actualidade a 1ª planta adicada só parcialmente a servizos administrativos, ocupada pola oficina municipal de rehabilitación, e o resto da superficie libre sen uso específico algún, segundo resulta do informe da oficina do Inventario Municipal referido nos antecedentes.

Os edificios administrativos, na súa condición de bens demanais, rixense polas leis e disposicións especiais que lle sean de aplicación e , a falta de normas especiais, pola propia lei de Patrimonio das AAPP e disposicións que a desenvolvan ou complementen (art.5.4 LPAP).

A superficie da planta primeira obxecto de solicitude, é de 101,68 m² coa seguinte delimitación, reflectida no informe e plano achegado pola oficina do Inventario Municipal: polo frente coa fachada principal a Praza da Princesa; pola fachada posterior con patio de luces; polo lateral dereito co oco da escaleira; e polo lateral esquerdo, coa outra metade do local adicada a oficina de Rehabilitación.

Segundo.- O Consorcio do Casco Vello, segundo resulta dos seus Estatutos, (publicado no Diario Oficial de Galicia en data 6 de marzo de 2005) é unha entidade local de dereito público asociativo constituída pola Xunta de Galicia, Zona Franca e Concello de Vigo, co obxecto de articular a cooperación económica, técnica e administrativa entre as administracións consorciadas, e co propósito de exercer de forma conxunta e coordinar os fins que lle son propios (artigos 1 e 3 do estatuto).

Constitúe un consorcio interadministrativo, ó amparo do previsto no artigo 6.5 da LRXAP e PAC, e do artigo 87 da LRBRL, para o desenvolvemento das respectivas competencias, formado co fin de levar a cabo, consonte as previsións do Plan Xeral de Reforma Interior do Casco Vello as actuacións e intervencións que contribúan ó proceso de recuperación da súa area de recuperación integrada (artigo 4 do Estatuto).

Terceiro.- A condición de entidade de dereito público que ten o consorcio do casco vello, e do que forma parte como ente consorciado o propio Concello de Vigo, posibilita, en base ós principios de cooperación e colaboración que presiden as relacións entre administracións públicas no desenvolvemento e execución das súas respectivas competencias, directamente o de xeito consorciado, unha colaboración entre ambas as dúas administracións, no marco xurídico previsto nas disposicións reguladoras do patrimonio das administracións públicas, que faga viábel a disposición dos medios necesarios para acadar os fins para o que constituíuse. (art. 6.g e art. 183 LPAAPP).

Cuarto.- A ocupación polo Consorcio do local municipal interesado require a obtención previa da correspondente autorización administrativa para o aproveitamento e uso dos bens de natureza demanial, título habilitante a outorgar polo procedemento e nas condicións previstas na normativa reguladora do patrimonio das AAPP. (art. 84 LPAAPP)

Neste ámbito xurídico, establécese que a ocupación por terceiros de espazos nos edificios administrativos, admitirase con carácter excepcional, cando dea soporte a servizos dirixidos o propio persoal, "... o para a explotación marxinal de espazos no necesarios para os servizos administrativos." (art. 89 LPAAPP). Así mesmo, o art. 90.1 sinala a posibilidade do outorgamento da autorización a persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, para o cumprimento esporádico ou temporal de fins ou funcións públicas.

Estas normas, aínda que non sendo de aplicación xeral a todas as Administracións Públicas, a teor do sinalado na disposición final segunda, en relación ó art. 2.2 da devandita Lei, son de aplicación subsidiaria ás entidades locais naquilo non previsto nas normas básicas reguladoras do seu patrimonio.

Quinto.- A autorización administrativa outórgase baixo as condicións xerais previstas na normativa legal reguladora do patrimonio das administracións públicas, e as particulares seguintes (artigo 92 LPAAPP):

1º.- A autorización limitarase ó dereito ó uso do local sito no primeiro andar do edificio nº 7 da Praza da Princesa, nunha superficie de 101,68 m², non supoñendo, en ningún caso, cesión do dominio público nin de facultades dominicais sobre o inmóbel.

2º.- A autorización outórgase a título gratuito e co único fin de ser adicada, pola entidade usuaria, a sé provisional desta con exclusión expresa de calquera outro uso ou finalidade.

3º.- O prazo da autorización fíxase en dous anos, prorrogábeis tacitamente por períodos anuais até un máximo de dous, salvo que medie denuncia expresa desta Administración, cunha antelación de tres meses ó remate do prazo inicial ou de calquera das súas prorrogas.

4º.- A autorización ten carácter persoal, non sendo transmisíbel a terceiros, nin susceptíbel da constitución ou establecemento na mesma de carga ou gravame ningún.

5º.- O Concello resérvase a facultade da revocación unilateral da autorización, en calquera momento, cun preaviso de dous meses, por razóns de interese público, sen que se xere dereito indemnizatorio ningún a favor da usuaria polo devandito acto.

6º.- A entidade usuaria está obrigada a subscribir un seguro de responsabilidade cívil xeral, incluíndo a responsabilidade civil por danos que poida causar a entidade a terceiros, na súa condición de usuario da propiedade municipal, tendo en conta ó Concello como un dos asegurados. Así mesmo incluírá a responsabilidade civil locativa que ampare calquera dano que poida ocasionar ó local polos actos ou omisións de carácter negligente cun límite de indemnización mínima de 300.506,05 euros.

7º.- Serán por conta da entidade usuaria:

- Os gastos de mantemento e conservación do local e da zona gravada co dereito de paso a favor do local anexo.
- Os gastos pola subministración de auga, electricidade, teléfono e demais servizos de uso exclusivo desta.
- Os comúns do edificio, na proporción á superficie ocupada.

8º.- O local que se cede queda gravado, de xeito continuado e permanente, e durante toda a vixencia da autorización, co dereito a paso a favor da municipal colindante, e actualmente adicado a oficina de rehabilitación, na superficie e coa delimitación reflectida no plano que se achegue ó documento da formalización da autorización.

9º.- As obras de adaptación, reparación e mellora que se executen no local, serán por conta exclusiva da entidade cesionaria, requirindo a presentación previa dunha memoria ou proxecto e a súa aprobación polo concelleiro delegado de Patrimonio, sen prexuízo das demais autorizacións ou licenzas que sexan preceptivas. En todos os casos, os gastos investidos quedarán en beneficio do inmóbel sen dereito ningún ó seu reembolso por esta administración.

10º.- A administración autorizante resérvase a facultade de inspeccionar en calquera momento o ben obxecto da autorización, para comprobar o cumprimento dos termos nos que foi outorgada, poidendo dictar as instrucións e ordes pertinentes para o bo estado de conservación e mantemento do mesmo.

11º.- Son causas de extinción da autorización, ademais das xerais previstas nas leis:

- Polo transcurso do prazo outorgado.
- A adicación do local a usos ou fins distintos ós autorizados.
- Dispoñer o Consorcio dunha nova sede.
- Non atender as ordes ou instrucións ditadas polo Concello en cuestións de mantemento e conservación do local.
- A revocación unilateral acordada polo Concello ou o desistimento ou renuncia do Consorcio.
- A interrupción, total ou parcialmente, da zona vencellada ó dereito ó paso.
- O incumprimento de calquera outra condición na que foi outorgada.

Sexto.- Resulta competente para o outorgamento da autorización administrativa do uso do devandito local, nas condicións que se sinalan na proposta que de seguido se formula, a Xunta de Goberno Local de conformidade co disposto no artigo 127.1f da Lei 7/1985, reguladora de Bases de Réxime Local.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte acordo:...

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co xefe do Servizo de Patrimonio, acorda:

Primeiro.- Declarar como non necesario ós servicios administrativos do Concello, o local de titularidade municipal sito no primeiro andar do edificio nº 7 da Praza da Princesa desta cidade de Vigo, nunha superficie de 101,68 m² e coa delimitación reflectida no plano da oficina do Inventario Municipal de data 25 de outubro de 2005.

Segundo.- Autorizar, ó consorcio do casco vello de Vigo, o seu uso temporal como sé provisional da entidade.

Terceiro.- A autorización outórgase nas seguintes condicións:

1º.- A autorización comprende exclusivamente o dereito ó uso do local sito no primeiro andar do edificio nº 7 da Praza da Princesa, nunha superficie de 101,68 m², non supoñendo, en ningún caso, cesión do dominio público nin de facultades dominicais sobre o inmóbel.

2º.- A autorización outórgase a título gratuito e co único fin de ser adicada, pola entidade usuaria, a sé provisional desta con exclusión expresa de calquera outro uso ou finalidade.

3º.- O prazo da autorización fíxase en dous anos, prorrogábeis tacitamente por períodos anuais até un máximo de dous, salvo que medie denuncia expresa desta Administración, cunha antelación de tres meses ó remate do prazo inicial ou de calquera das súas prorrogas.

4º.- A autorización ten carácter persoal, non sendo transmisíbel a terceiros, nin susceptíbel da constitución ou establecemento na mesma de carga ou gravame ningún.

5º.- O Concello resérvase a facultade da revocación unilateral da autorización, en calquera momento, cun preaviso de dous meses, por razóns de interese público, sen que se xere dereito indemnizatorio ningún a favor da usuaria polo devandito acto.

6º.- A entidade usuaria está obrigada a subscribir un seguro de responsabilidade civil xeral, incluíndo a responsabilidade civil por danos que poida causar a entidade a terceiros, na súa condición de usuario da propiedade municipal, tendo en conta ó Concello como un dos asegurados. Así mesmo incluírá a responsabilidade civil locativa que ampare calquera dano que poida ocasionar ó local polos actos ou omisións de carácter negligente cun límite de indemnización mínima de 300.506,05 euros.

7º.- Serán por conta da entidade usuaria:

- Os gastos de mantemento e conservación do local, e da zona gravada co dereito de paso a favor do local anexo.
- Os gastos pola subministración de auga, electricidade, teléfono e demais servicios de uso exclusivo desta.
- Os comúns do edificio, na proporción á superficie ocupada.
- O aboamento das taxas e tributos que correspondan pola ocupación do inmovible.

8º.- O local que se cede queda gravado, de xeito continuado e permanente, e durante toda a vixencia da autorización, co dereito a paso a favor do municipal colindante, e actualmente adicado a oficina de rehabilitación, na superficie e coa delimitación reflectida no plano que se achegue ó documento no que se formalice a autorización.

9º.- As obras de adaptación, reparación e mellora que se executen no local, serán por conta exclusiva da entidade cesionaria, requirindo a presentación previa dunha memoria ou proxecto, e a súa aprobación polo concelleiro delegado de Patrimonio, sen prexuízo das demais autorizacións ou licenzas que sexan preceptivas. En todos os casos, os gastos investidos quedarán en beneficio do inmóbel sen dereito ningún ó seu reembolso pola administración propietaria

10º.- A administración autorizante resérvase a facultade de inspeccionar en calquera momento o ben obxecto da autorización, para comprobar o cumprimento dos termos nos que foi outorgada, podendo dictar as instrucións e ordes pertinentes para o bo estado de conservación e mantemento do mesmo.

11º.- Son causas de extinción da autorización, ademais das xerais previstas nas leis:

- Polo trancurso do prazo outorgado.
- A adicación do local a usos ou fins distintos ós autorizados.
- Dispoñer o Consorcio dunha nova sede.
- Non atender as ordes ou instrucións ditadas polo Concello en cuestións de mantemento e conservación do local.
- A revocación unilateral acordada polo Concello ou o desistimento ou renuncia do Consorcio.
- A interrupción, total ou parcialmente, da zona vencellada ó dereito ó paso.
- O incumprimento de calquera outra condición na que foi outorgada.

Cuarto.- A presente autorización, formalizarase en documento administrativo, no prazo dos trinta días seguintes á data da súa notificación á entidade autorizada.

28(91).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS NORMAS PARA A SELECCIÓN PREVIA DOS BENEFICIARIOS DAS VIVENDAS DE PROTECCIÓN ECONÓMICA EN BARREIRO. EXPTE. 13700/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado de Patrimonio e Contratación, do 18.01.05, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno celebrada o día 29 de agosto de 2005 acordou enaxenar a parcela propiedade do concello situada no Plan Especial de Reforma Interior PERI 4 BARREIRO 2 do Paln Xeral de Ordenación Urbana de Vigo para a construción de 100 vivendas de protección autonómica a favor de Eduardo Chao promoción de vivendas protexidas, S.L..

O prego de condicións que rexiu a adxudicación na súa cláusula 13 apartado 10 establecía o seguinte:

- *“Os licitadores terán a obriga de colaborar co concello na selección dos beneficiarios. Nas súas ofertas faran constar os medios e sistemas que poñen a disposición do concello para colaborar no proceso de selección de beneficiarios. En todo caso deberá ter en conta as seguintes circunstancias:*
- *As bases para optar as vivendas deberán ser aprobadas polo concello.*
- *Deberá darse a suficiente publicidade inxerindo anuncios no Boletín Oficial da Provincia e nos Periodicos con maior difusión na cidade. Correran por conta do adxudicatario os gastos de publicación de estos anuncios.*
- *O periodo para a presentación de solicitudes polos interesados será como mínimo de dous meses”*
- *Os medios mínimos esixidos para poñer a disposición do concello serán unha oficina dotada de persoal e medios técnicos suficientes para a atención os interesados (incluíranse impresos normalizados de solicitude), recepción e varemación inicial das solicitudes.”*

En cumprimento do establecido na citada cláusula Eduardo Chao promoción de vivendas protexidas, S.L.. presentou unha proposta de normas para a selección dos beneficiarios das vivendas.

Remitense as citadas normas a Xunta de Goberno para a súa consideración e aprobación de se-lo caso.

Vista a proposta de normas para a selección dos beneficiarios das vivendas, presentada por Eduardo Chao promoción de vivendas protexidas S.L., a Xunta de Goberno local, tras facer unha modificación na norma nº 7, aproba o seguinte texto das mesmas:

NORMAS PARA SELECCIÓN PREVIA DOS BENEFICIARIOS NA ADXUDICACIÓN DAS VIVENDAS DE PROTECCIÓN AUTONÓMICA A EXECUTAR POR “EDUARDO CHAO, PROMOCIÓN DE VIVENDAS PROTEXIDAS, S. L. UNIPERSONAL”, CIF B36954501, SOCIEDADE ADXUDICATARIA DO CONTRATO DE VENDA DA PARCELA EDIFICÁBEL PROPIEDAD DO CONCELLO DE VIGO, SITUADA NO PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR PERI 4 BARREIRO 2 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN URBANA DE VIGO, PARA O SEU DESTINO Á CONSTRUCIÓN DE 100 VIVENDAS DE PROTECCIÓN AUTONÓMICA (VPA).

NORMA 1.- OBXETO DAS NORMAS.

É obxecto destas normas o establecemento das condicións e criterios para a selección dos posíbeis adxudicatarios ou beneficiarios-mercadores das 100 vivendas de protección autonómica a construír na parcela

edificábel municipal no PERI 4 Barreiro 2, na parroquia de Santa Cristina de Lavadores (Vigo), e desenvolven a cláusula 9.10 do prego de cláusulas económico-administrativas aprobadas polo Concello de Vigo para o alleamento da citada parcela.

NORMA 2.- LEXISLACIÓN APLICÁBEL NA ADXUDICACIÓN DAS VIVENDAS.

A lexislación, mesmo o prezo, que será de aplicación nas vivendas de protección autonómica que se construírán en dita parcela será a vixente no momento da cualificación provisional das mesmas, a cal se solicitará unha vez obtida a licenza municipal de obras.

A lexislación de ámbito estatal aplicábel é o “Real Decreto 801/2005, de 1 de xullo, polo que se aproba o Plan Estatal 2005-2008, para favorecer o acceso dos cidadáns á vivenda” e as vivendas serán, segundo o seu artigo 19, “vivendas protexidas de prezo xeral” e o seu prezo máximo de venda por metro cadrado de superficie útil non excederá de 1,60 veces o Prezo Básico Nacional, que se define no artigo 2.11 de dito Real Decreto, cuxa Disposición Adicional Primeira o fixa en 695,19 euros por metro cadrado de superficie útil.

No momento da aprobación destas normas, é de aplicación o “Decreto 199/2002, de 6 de xuño, polo que se establecen as axudas públicas en materia de vivenda a cargo da Comunidade Autónoma de Galicia e regúlase a xestión das previstas no Real Decreto 1/2002, de 11 de xaneiro, para o período 2002-2005”.

NORMA 3.- PREZO DAS VIVENDAS. PREZO DA VIVENDA TIPO.

Segundo a normativa autonómica vixente, ás vivendas promovidas nesta parcela correspóndelles un prezo por metro cadrado de superficie útil de 1.052,91 euros, sendo o 60% do mesmo no caso dos anexos protexibles (rocho e praza de garaxe). Non obstante, para o cálculo do prezo definitivo que pagarán os adxudicatarios das vivendas e anexos será de aplicación o prezo máximo que corresponda segundo a cualificación provisional.

Salvo esixencias técnicas, tódalas vivendas serán da tipoloxía de tres dormitorios e cunha superficie útil máxima de 90 m², e terán como anexos un rocho cunha superficie útil máxima de 8 m² e unha praza de garaxe cunha superficie útil máxima computábel de 25 m².

Na seguinte táboa infórmase do prezo da vivenda tipo segundo o prezo por m² útil vixente no momento da aprobación destas normas:

Cálculo provisional e indicativo do prezo da vivenda tipo de tres dormitorios.	M ²	Prezo por m ²	Importe euros
Vivenda, 90 m ² útiles, máx.	90 m ²	1.052,91 €/m ²	94.761,90 €
Anexo: trasteiro, 8 m ² útiles, máx.	8 m ²	631,75 €/m ²	5.054,00 €
Anexo: praza de garaxe, 25 m ² computábeis	25 m ²	631,75 €/m ²	15.793,75 €
Importe total antes do IVE			115.609,65 € [19.235.827 Ptas]
IVE	7%	115.609,65 €	8.092,68 €

<i>Importe total, con IVE</i>	123.702,33 € [20.582.336 Ptas]
-------------------------------	-------------------------------------

O prezo da vivenda segundo a anterior táboa débese corrixer no seu momento segundo sexan os m² útiles da vivenda e anexos e o prezo máximo do momento da cualificación como protexidas das vivendas.

NORMA 4.- REQUERIMENTOS PARA CONCORRER Á CONVOCATORIA.

Dado que as vivendas promovidas son de protección autonómica, para concorrer á convocatoria hase de acreditar que se reúnen as condicións subxectivas para ser adxudicatario, segundo se establece no artigo 17 do Real Decreto 801/2005 que, no que afecta, reproducíase a continuación:

Artigo 17. Condicións para acceder en propiedade ás vivendas protexidas ...

1.-Para acceder en propiedade ás vivendas protexidas para venda ... os beneficiarios teñen que contar cuns ingresos familiares que correspondan aos seguintes baremos:

b.-Que non excedan de 5,5 veces o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples se se trata de vivendas protexidas de prezo xeral ...

2.-Ademais dos ingresos a que se refire o apartado anterior, as persoas que desexen acceder en propiedade ás vivendas protexidas ... non poden ser titulares do pleno dominio ou dun dereito real de uso ou de aproveitamento doutra vivenda suxeita a réxime de protección pública, salvo no caso de ocupación temporal da vivenda por motivo de realoxamentos baixo o control de organismos públicos, a que se refire o artigo 13.1.

3.-Quen desexe acceder en propiedade ás vivendas protexidas ... tampouco non poden ser titulares dunha vivenda libre, cando o seu valor, determinado de acordo coa Normativa do Imposto sobre Transmisións Patrimoniais, exceda do 40% do prezo máximo total de venda da vivenda obxecto da actuación protexida. Este valor elevarase ao 60% nos seguintes supostos:

a.-Cando se trate de familias numerosas e necesitasen adquirir unha vivenda de maior superficie polo incremento do número de membros da súa unidade familiar.

b.-no caso de persoas maiores de 65 anos, das persoas con discapacidade ou de vítimas da violencia de xénero ou do terrorismo.

O artigo 2.7 do Real Decreto 801/2005 define o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM) da seguinte forma:

É o indicador definido no Real Decreto-lei 3/2004, de 25 de xuño, para a racionalización da regulación do salario mínimo interprofesional e para o incremento da súa contía, que se considera unidade de medida para a determinación da contía dos ingresos familiares, no seu cómputo anual, incluíndo dúas pagas extras.

O IPREM actualízase a principios de cada ano. Para 2005 a súa contía anual (con pagas extras) é de 6.577,20 euros, e é este importe o que se tomará en conta aos efectos de valorar as solicitudes realizadas, SI NO HUBIESE SIDO ACTUALIZADO.

NORMA 5.- CONVOCATORIA.

A convocatoria, na que constará o prazo e lugar para a presentación de solicitudes, publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e en dous periódicos de ampla difusión na provincia de Pontevedra.

O prazo de presentación de solicitudes será de dous meses contados dende a publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

A información, obtención de impresos de solicitude e presentación de solicitudes e demais documentos esixidos farase, en horario de 9 a 13 horas de luns a venres en Praza da Princesa núm. 7, 2º andar (36202) VIGO, secretaría de “EDUARDO CHAO, PROMOCIÓN DE VIVENDAS PROTEXIDAS, S. L. UNIPERSONAL”, CIF B36954501, empresa adxudicataria da parcela.

NORMA 6.- DOCUMENTOS QUE HAN DE SE PRESENTAR COA SOLICITUDE.

Definición previa: Enténdese por solicitante a persoa individual, matrimonio ou “parella de feito”; polo que a solicitude se asinará, no seu caso, por ambos, e os documentos que se deben presentar xunto coa solicitude tamén serán os de ambos.

As solicitudes presentaranse no impreso normalizado, acompañadas dos seguintes documentos, todo iso en relación co solicitante:

1.- Impreso de solicitude normalizado cuberto e asinado, no que necesariamente se farán figurar os seguintes datos: nome e apelidos, DNI, enderezo de empadramento, enderezo aos efectos de comunicacións, estado civil e teléfonos de contacto. En dito impreso de solicitude inclúese a declaración xurada de que toda a información facilitada é correcta, de que a vivenda se destinará a residencia habitual, de estar ao corrente das obrigas tributarias e, no seu caso, da seguridade social, e de non ter débedas co Concello de Vigo.

2.- Fotocopia do DNI, compulsada por notario ou Organismo Público.

3.- Libro de familia, compulsado por notario ou Organismo Público.

4.- Fotocopia da declaración do IRPF do último exercicio fiscal ou, no seu caso, certificado de ingresos do mesmo expedido pola empresa na que traballe o solicitante e fotocopia das dúas últimas nóminas percibidas. Para o caso de que o solicitante non teña ingresos, o anterior substituirase cunha declaración xurada.

5.- Certificado catastral dos bens inmoables dos que é titular en toda España.

Dito certificado expídese (en horarios de 9 a 14 horas de luns a venres), previo pago das taxas correspondentes, pola secretaría do catastro da provincia de Pontevedra con secretarías nos seguintes enderezos:

En Pontevedra: r/ Andrés Muruais, 4 – Teléfono: 986.868.311 - Fax: 986.863.625
Correo-e: xerencia.territorial@pontevedra.catastro.minhac.es

En Vigo: r/ Lalín, 2 – Teléfono 986.213.349 - Fax 986.207.735
Correo-e: xerencia.territorial@vigo.catastro.minhac.es

6.- Se fose o caso, declaración xurada de que sería primeira vivenda.

7.- No seu caso, as seguintes certificacións e/ou xustificantes: De ser familia numerosa, de ser persoa discapacitada e grao de discapacidade, de ser vítima de violencia de xénero con sentenza xudicial firme ou do terrorismo.

8.- Certificado de empadramento expedido polo Concello que corresponda.

9.- Xustificante de ingreso na conta corrente que se indique da cantidade de TRES MIL EUROS (3.000 €), en concepto de sinal, tendo en conta que, no caso de non resultar seleccionado nin, no seu caso, adxudicatario de vivenda, se procederá á súa devolución, e de ser adxudicatario será deducida das cantidades necesarias a entregar

pola vivenda. Devandita conta corrente terá como única finalidade o ingreso do sinal de 3.000 euros ou a súa devolución, cando cumpra, aos solicitantes.

NORMA 7.- CRITERIOS DE PUNTUACIÓN DAS SOLICITUDES PRESENTADAS.

Somentes se puntuarán, aplicando os criterios definidos, as solicitudes de quen teña dereito á adquisición dunha vivenda de protección autonómica por cumprir os requirimentos do artigo 17 do Real Decreto 801/2005, segundo figura na norma núm.4 anterior.

En aplicación dos criterios de puntuación, terá máis dereito á adquisición da vivenda quen teña maior puntuación e a maior puntuación se concede a quen teña maior número de fillos, non teña cumpridos os trinta e seis anos e sexa ésta a súa primeira vivenda.

A.-Puntuación polo número de fillos ,fiscalmente deducibles:

- a.- 4 puntos: para familias con tres ou máis fillos.
- b.- 3 puntos: para familias con dous fillos.
- c.- 2 puntos: para familias cun fillo.

B.-Puntuación segundo a idade do solicitante (en caso de dúas, a de maior idade):

- a.- 4 puntos: para quen non cumprise 36 anos o día que remate o prazo para presentar a solicitude.
- b.- 3 puntos: para quen teña 36 anos cumpridos e non cumprise 39 o día que acabe o prazo para presentar a solicitude.
- c.- 2 puntos: para quen teña 39 anos cumpridos e non cumprise 42 o día que acabe o prazo para presentar a solicitude.

C.-Puntuación por ser primeira vivenda:

- a.- 4 puntos: para o caso de que fose a primeira vivenda en propiedade.

D.-Puntuación pola contía da renda do solicitante en relación co IPRM de 2005:

[A contía anual (con pagas extras)do IPREM-2005 é de 6.577,20 euros.]

- a.- 3 puntos: para rendas iguais a 2,5 veces e inferiores ou iguais a 3,5 veces o IPREM.
(6.577,20 euros x 2,5 = 16.443,00 euros)
- b.- 2 puntos: para rendas superiores a 3,5 veces e inferiores ou iguais a 4,5 veces o IPRM.
(6.577,20 euros x 3,5 = 23.020,20 euros)
- c.- 1 punto: para rendas superiores a 4,5 veces o IPREM e ata 5,5 veces inclusive.
(6.577,20 euros x 4,5 = 29.597,40 euros) – (6.577,20 euros x 5,5 = 36.174,60 euros)

E.-Puntuación segundo a distancia da morada de empadramento (en caso de dous, valorarase a quen outorgue maior puntuación), a parcela da promoción:

[A planimetría coas distancias será homologada polos servizos municipais de urbanismo.]

- a.- 2 puntos: se a distancia está no radio de 1.000 metros.
- b.- 1 puntos: se a distancia está entre 1.001 e 2.000 metros.

F.-Puntuación segundo as seguintes circunstancias persoais:

- a.- 1 punto: se o solicitante ou algún dos membros da unidade familiar son persoas discapacitadas.
- b.- 1 punto: se o solicitante é vítima de violencia de xénero habendo sentenza xudicial firme.
- c.- 1 punto: se o solicitante é vítima do terrorismo.

En caso de igualdade entenderase preferente quen teña maior puntuación conxunta nos criterios A, B e C e F.b. De subsistir a igualdade entenderase preferente quen teña maior número de fillos (criterio A). De subsistir a

igualdade entenderase preferente quen teña menor idade (criterio B). De subsistir a igualdade entenderase preferente quen teña menor renda (criterio D). De subsistir a igualdade realizarase sorteo.

NORMA 8.- ÓRGANOS PARA A APROBACIÓN DA LISTA DE BENEFICIARIOS-MERCADORES. PROCEDIMENTO DE APROBACIÓN E PUBLICIDADE.

Son os seguintes: (1) a Empresa adxudicataria da parcela, (2) a Comisión de Valoración nomeada polo Concello e (3) a Xunta de Goberno Local do Concello.

(1) A empresa adxudicataria, segundo o previsto na cláusula 13.10 do prego de cláusulas económico-administrativas que regula a adxudicación da parcela, ten a obriga de colaborar co Concello de Vigo na selección de beneficiarios. A tal efecto, dita empresa, nas secretarías que se designen, será a responsábel de facer pública a convocatoria, de facilitar a información aos interesados, de recibir as solicitudes, de admitir para o proceso de puntuación as que reúnan os requirimentos esixidos, de propoñer a puntuación das mesmas e de proferir á Comisión de Valoración nomeada polo Concello a “lista previa de beneficiarios”, así como os demais trámites necesarios.

(2) A Comisión de Valoración, presidida polo/a Alcalde/sa e actuando de secretario/a do Concello, estará composta por:

- a.- O Alcalde do Concello de Vigo, ou concelleiro en quen delegue.
- b.- Un concelleiro por cada un dos partidos políticos.
- c.- O secretario do Concello de Vigo, ou funcionario en quen delegue.
- d.- Dous representantes da Federación Veciñal de Vigo “Eduardo Chao”.

A Comisión de Valoración recibirá a “lista previa de beneficiarios” e, no seu caso, aprobará e trasladará á Xunta de Goberno Local para a súa aprobación.

A Xunta de Goberno Local aprobará, se procede, a lista de beneficiarios, que así adquirirá o carácter de “lista provisional de beneficiarios”.

Publicación da “lista provisional de beneficiarios”: para coñecemento dos seus integrantes, publicarase en dous periódicos de ampla difusión na provincia de Pontevedra facendo constar que os relacionados na mesma poden presentar reclamacións no prazo de quince días hábiles.

A empresa adxudicataria proferirá á Comisión de Valoración a “proposta de resolución das reclamacións” a nova lista resultante, para que a Xunta de Goberno Local, se procede, a aprobe, adquirindo con dita aprobación o carácter de “lista definitiva de beneficiarios”.

Publicación da “lista definitiva de beneficiarios”: farase unha nova publicación nos mesmos periódicos no que se publique a lista provisional.

Feita a publicación anterior, o/a Secretario/a do Concello de Vigo comunicará de forma fidedigna á empresa adxudicataria a lista definitiva de beneficiarios.

NORMA 9.-OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS-MERCADORES.

Para consolidar a súa condición de futuro adxudicatario dunha das vivendas promovidas, (o cal se establece para garantir a correcta autonomía financeira da promoción), será imprescindible que os cen primeiros integrantes da lista definitiva de beneficiarios-mercadores cumpran tamén as seguintes obrigas e/ou requirimentos:

- Ingresar na conta corrente que ao efecto se abrirá pola empresa adxudicataria na entidade bancaria que financie a operación, os seguintes importes polos que se extenderá a correspondente factura e que serán avalados na forma prevista pola lexislación vixente:
 - o 3.000 euros, sinal da convocatoria xa ingresados, de cuxo importe corresponden 196,76 euros ao 7% de IVA.

- o 15.000 euros, de cuxo importe corresponden 981,31 euros ao 7% de IVA, que se ingresarán no prazo de dez días naturais a partir da publicación da lista definitiva de beneficiarios na prensa.
- o 18.000 euros, de cuxo importe corresponden 1.177,57 euros ao 7% de IVA, que se ingresarán no prazo de catro meses a partir da publicación da lista definitiva de beneficiarios na prensa.

En caso de que ditas achegas económicas non fosen realizadas nos prazos previstos e tamén no caso de renuncia posterior ao dereito adquirido por este proceso de selección, perderase a condición de adxudicatario, e darase opción a selo ao seguinte que corresponda da lista feita pública, quen terá o prazo de oito días naturais dende que se lle comunique para realizar os ingresos obrigatorios xa vencidos. Non será precisa ningunha comunicación ao interesado de dita situación e procederase á devolución das cantidades entregadas, mesmo o IVE, previa dedución dos seguintes importes como penalización por contravención e como compensación dos gastos orixinados no proceso de xestión destas normas:

- 300 euros (10% de 3.000 euros) se se contravén o prazo de ingreso dos 15.000 euros.
- 1.800 euros (10% de 18.000 euros) se se contravén o prazo de ingreso dos 18.000 euros.
- 3.600 euros (10% de 36.000 euros) no caso de se renunciar ao dereito á vivenda en calquera outro momento.

Realizadas as anteriores achegas económicas, os adxudicatarios non teñen obriga de pagar ningún outro importe, xa que o resto do prezo pagarase no momento de facerse a escritura pública de entrega da vivenda, ben por “pago en efectivo” ou ben por “subrogación no préstamo hipotecario cualificado”, en cuio caso advírtese ao adxudicatario que dita subrogación non é automática xa que deberá acreditar á Entidade Bancaria unha capacidade de reembolso suficiente, entendéndose que a mesma existe cando a suma total das cotas de préstamos, incluíndo o cualificado, a cargo do adxudicatario non supere o 40% dous seus ingresos líquidos mensuais, que serán fixos non tempo.

NORMA 10.-ADXUDICACIÓN DA VIVENDA E CONTRATO DE COMPRAVENDA PARA VISAR POLO IGVS.

As vivendas adxudicaranse polo sistema de elección, na orde da “lista definitiva de beneficiarios” unha vez que o IGVS outorgue a cualificación provisional, a partir de cuxo momento realizaranse os contratos de compravenda para o seu visado, tamén polo IGVS, que recollerán tódolos condicionantes normativos para as vivendas de protección autonómica.

NORMA 11.-CLÁUSULA DE PROTECCIÓN DE DATOS.

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal os solicitantes, polo mero feito de concorrer á convocatoria, autorizan a que a empresa adxudicataria da parcela inclúa os seus datos persoais, nun arquivo automatizado, do que é responsábel a citada sociedade. Ditos datos, que serán tratados con absoluta confidencialidade, só poderán ser utilizados para os fins derivados destas normas. Os solicitantes poderán exercer ante a empresa adxudicataria da parcela, en relación cos datos persoais anteriormente mencionados, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos en dita Lei.

IMPRESO NORMALIZADO APROBADO POLO CONCELLO DE VIGO.

O abaixo firmante solicita ser admitido como adxudicatario dunha das cen vivendas de protección autonómica que se promoverán por “EDUARDO CHAO, PROMOCIÓN DE VIVENDAS PROTEXIDAS, S. L. UNIPERSONAL”, CIF B36954501, sociedade adxudicataria do contrato de venda da parcela edificábel propiedade do Concello de Vigo, situada no Plan Especial de Reforma Interior –PERI 4- BARREIRO 2 do Plan Xeral de Ordenación Urbana.

A tal fin o solicitante manifesta coñecer e aceptar as normas que rexen a selección de futuros adxudicatarios, por recibir un exemplar das mesmas e declara, tan solemnemente como sexa preciso, que tódala información e documentación facilitada son verdadeiras, que destinará a vivenda a residencia habitual, que está o corrente das obrigas tributarias e, no seu caso, da seguridade social, e que non ten, débedas co Concello de Vigo.

Asemade manifesta que as comunicacións de todo tipo en relación con esta solicitude han de facerse ao enderezo que figura máis abaixo con este fin.

<i>Datos persoais do solicitante núm. 1</i>			<i>Datos persoais do solicitante núm. 2</i>		
<i>Nome₁ e dous apelidos = que no DNI</i>			<i>Nome₁ e dous apelidos = que no DNI</i>		
<i>Enderezo completo de empadramento</i>			<i>Enderezo completo de empadramento</i>		
<i>Se o municipio é VIGO: indicar a parroquia</i>			<i>Se o municipio é VIGO: indicar a parroquia</i>		
<i>Estado civil</i>	<i>Teléfonos</i>	<i>Correo-e</i>	<i>Estado civil</i>	<i>Teléfonos</i>	<i>Correo-e</i>
<i>Enderezo completo para comunicacións</i>					

Xuntamente con esta solicitude preséntase a documentación dos conceptos que corresponden aos números _____ da seguinte relación:

1. *Fotocopia compulsada do DNI.*
2. *Fotocopia compulsada do Libro de Familia.*
3. *Fotocopia da declaración do IRPF de 2004.*
4. *Certificado de ingresos expedido pola empresa e fotocopia das dúas últimas nóminas percibidas.*
5. *Declaración xurada de non ter ingresos no 2004.*
6. *Certificación catastral de bens inmobles.*
7. *Declaración xurada de ser primeira vivenda.*
8. *Certificación de familia numerosa.*
9. *Certificación de ser persoa discapacitada o solicitante ou o familiar convivinte.*
10. *Sentenza xudicial firme de ser vítima de violencia de xénero.*
11. *Certificación de ser vítima de terrorismo.*
12. *Certificado de empadramento.*
13. *Certificado de ingreso de TRES MIL EUROS de sinal na conta corrente de Caixa Galicia núm. _____ da empresa adxudicataria da parcela, aberta exclusivamente con este fin.*

<i>Asinado do solicitante núm. 1</i>	<i>Asinado do solicitante núm. 2</i>
--------------------------------------	--------------------------------------

29(92).- CESIÓN DO ELEMENTO 2 DA PARCELA DE PROPIEDAD MUNICIPAL Nº 136, NO MERCADO DE CABRAL Á FUNDACIÓN GALEGA DO METAL. EXPTE. 17320/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Unidade de Patrimonio e Contratación, do 16.01.06, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).*
- *RD 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico ds Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.*

ANTECEDENTES:

Primeiro.- A Fundación Galega do Metal para a Formación, Cualificación e Emprego (FORMEGA) solicitou a cesión, por parte do Excmo. Concello de Vigo, do elemento 2 da parcela de propiedade municipal nº 000136, denominada Mercado de Cabral, situado na Avenida Ramón Nieto, esquina rúa da Vía.

Segundo.- Polo Servizo de Desenvolvemento local e Emprego, en data 5 de setembro de 2005, á vista da memoria das súas actividades presentada por FORMEGA, formulouse proposta favorábel á solicitude de cesión gratuíta do edificio a favor da Fundación solicitante e con fin do seu destiño ó desenvolvemento das súas actividades de formación e capacitación para o emprego.

Terceiro.- Durante a instrución do expediente emitíronse informes pola Intervención Xeral do Concello, en data 16 de setembro de 2005, e pola Oficina de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, en data 26 de novembro de 2004, en cumprimento do disposto no artigo 110 do Regulamento de Bens das Administracións Locais.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Primeiro.- O Excmo. Concello de Vigo é propietario do inmovible sito na Avenida Ramón Nieto s/n denominado Mercado Municipal de Cabral, que consta no Inventario Municipal de bens e dereitos no seu epígrafe 1 de bens inmovibles co código de propiedade 000136.

Segundo.- A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 28 de febreiro de 2005, acordou dividir a edificación denominada Mercado Municipal de Cabral en dous elementos: elemento 1, ben de dominio público destinado ó servizo público de mercado, e elemento 2, obxecto do presente expediente, de natureza xurídica patrimonial, por acordo plenario de 28 de febreiro de 2005.

Terceiro.- A Fundación Galega do Metal para a Formación, Cualificación e Emprego (FORMEGA) é unha fundación de interese galego, que consta inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co nº de rexistro 926-05, segundo informa o servizo de Participación Cidadá, en data 13 de setembro de 2005.

Cuarto.- O servizo de Desenvolvemento local e Emprego, en informe de data 5 de setembro de 2005, formula proposta favorábel á solicitude de cesión gratuita do edificio a favor da Fundación solicitante, FORMEGA, co fin do seu destiño ó desenvolvemento das súas actividades de formación e capacitación para o emprego.

Quinto.- As Entidades Locais teñen plena capacidade xurídica para a xestión e enaxenación do seu patrimonio, recoñecéndoselles polo ordeamento xurídico a facultade de ceder gratuitamente os seus bens patrimoniais a Entidades ou Institucións Privadas de interese público e sen ánimo de lucro, para fins que redunden en beneficio dos habitantes do termo municipal (artigos 276 da LALG e 109 e seguintes do RBEL).

Sexto.- Resulta competente para a adopción do presente acordo de cesión gratuita en precario do uso do devandito local, e nas condicións que se sinalan na proposta que de seguido formularase, a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no artigo 127.1 f da LBRL.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:..."

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co informe-proposta do xefe da Unidade de Patrimonio, acorda:

1º.-Ceder gratuitamente, en precario, polo prazo de 25 anos, á Fundación Galega do Metal para a Formación, Cualificación e Emprego (FORMEGA), o dereito de uso do elemento 2 da parcela de propiedade municipal nº 000136, sito na Avenida Ramón Nieto, esquina rúa da Vía desta cidade, con suxección as seguintes cláusulas:

- 1) A entidade beneficiaria destinará o local ós fins propios dos seus estatutos e, en particular, a aqueles programas e actividades socio-laborales dirixidas ó fomento da formación e cualificación profesional e á mellora do emprego no sector do metal. A tal fin, a entidade presentará anualmente: o seu orzamento de gastos e ingresos, un proxecto de actividades, unha memoria final e un balance económico das mesmas.
- 2) A entidade usuaria subscribirá un seguro de responsabilidade cívil xeral, que inclúa a responsabilidade civil polos danos que poida causar a terceiros, na súa condición de usuario da propiedade municipal, figurando o Concello como un dos asegurados. Así mesmo, incluirá a responsabilidade civil locativa, que ampare calquer dano que se poida ocasionar ó local, por actos ou omisións de carácter negligente, cun límite mínimo de indemnización de 300.506, 05 €.

- 3) A entidade usuaria do ben non está en relación de dependencia respecto do Concello de Vigo como entidade cedente.
- 4) Todos os gastos de mantemento e conservación do local, así como os correspondentes ó subministro de auga e de electricidade, corresponderánlle á asociación usuaria.
- 5) A cesión extinguirírase pola concurrencia dalgunha das seguintes causas:
 - Transcurso do prazo máximo polo que foi outorgada a cesión.
 - Renuncia da asociación a dita cesión.
 - Incuprimento dos fins ou actividades para os que foi cedida.
 - Incumprimento das condicións nas que foi outorgada.
 - Disolución da asociación.
 - Reclamación do ben por parte do Concello de Vigo, cando así o requiran motivos de interese público municipal, o que deberá comunicarse á asociación cesionaria cunha antelación mínima de tres meses.
- 6) Para a realización de calquera obra ou mellora no local cedido, é preciso informar previamente á Concellaria de Participación Cidadá e obter a autorización ou licenzas municipais que procedan, sendo de conta da asociación a totalidade dos gastos derivados das mesmas. As obras e instalacións executadas revertirán integramente á Administración municipal no momento en que finalice a cesión de uso.
- 7) O Concello de Vigo poderá determinar, en calquera momento, compartilo uso do devandito local, en toda ou parte da súa superficie, para a realización de fins ou servizos públicos municipais que redunden en beneficio dos veciños da cidade, compartindo, neste caso, os gastos e cargas correspondentes.
- 8) O Concello de Vigo poderá acorda-la incorporación a este uso dalgunha outra entidade do barrio, a solicitude da mesma, sempre que a superficie dispoñible o permita e os usos previstos sexan compatibles. Neste caso, o acordo de incorporación regulará as novas condicións de uso do local.
- 9) FORMEGA, en contrapartida á cesión do devandito inmovible, terá en conta na programación das súas actividades neste centro que, ben mediante o uso das instalacións, ben mediante a asistencia técnica de formadores e técnicos, o Concello de Vigo utilizará de xeito gratuito os recursos de FORMEGA nunha cantidade anual equivalente a 500 horas.

2º.- Somete-lo presente expediente a información pública, polo prazo de 20 días, de conformidade co previsto no artigo 110 do RBEL en relación co artigo 86.2 da LRJAP. O presente acordo devendrá definitivo, de non formularse alegacións no período de información pública, o que se acreditará coa certificación que a este efecto expida o Secretario Xeral ”.

3º.- A presente cesión formalizaráse en documento administrativo no prazo de 30 días a contar dende a súa aprobación definitiva.

30(93).- RECUPERACIÓN DE OFICIO DA POSESIÓN DA PARCELA Nº 1679 DA PROPIEDAD MUNICIPAL SITA NA RÚA LUIS KSADO. EXPTE. 16874/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Unidade de Patrimonio, do 16.01.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).
- Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- RD 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).

ANTECEDENTES:

Primeiro.- A Asociación de Veciños da Praza da Miñoa, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 17 de febreiro de 2004, denuncia a apropiación indebida de terreo da parcela municipal sita no nº 59 do Polígono III, do Peri II-12 A Florida B, actualmente rúa Luis Casado.

Segundo.- O informe do arquitecto municipal da Oficina Técnica de Patrimonio, de data 17 de marzo de 2004, confirma que a parcela nº 1679, de 2.670 m² de superficie, cedida ó Concello pola Xunta de compensación e inscrita no Rexistro da Propiedade en data 05/07/93, atópase ocupada nunha cuarta parte da súa superficie. A maior parte das ocupacións parecen ser dunha data anterior ás cesións

Terceiro.- En data 2 de marzo de 2005 interponse nova denuncia por un veciño contra a ocupación ilícita da devandita parcela municipal e, xirada visita de inspección polos inspectores da Xerencia Municipal de Urbanismo, informan, en 10 de marzo de 2005, que comprobán a existencia de varios galpóns no terreo de propiedade municipal, con bastantes anos de antigüidade e que son utilizados para gardar e criar pombas mensaxeiras. O titular da actividade é Don José Pérez Villar.

FUNDAMENTOS XURIDICOS:

Primeiro.- A propiedade municipal trae causa da cesión gratuita ó Excmo. Concello de Vigo efectuada pola Xunta de compensación Florida – B Polígono III, constituída en 21 de outubro de 1991, aprobándose definitivamente os seus Estatutos e Bases de Actuación en 2 de agosto de 1991 e o Proxecto de Compensación en 27 de novembro de 1992, proxecto que foi elevado a escritura pública e inscrito no Rexistro da Propiedade de Vigo en data 5 de xullo de 1993. A parcela foi inscrita a favor do Concello no Rexistro da Propiedade de Vigo nº 3, tomo 0652, folio 0061, finca 050799. Na escritura da parcela establécese o destino da mesma: só para uso deportivo.

Segundo.- Os municipios ostentan a potestade de recuperación de oficio dos seus bens (artigo 4.1 LBRL), e teñen plena capacidade xurídica para a adquisición e posesión de toda clase de bens e dereitos, así como para o exercicio das accións e os recursos que sexan procedentes na defensa do seu patrimonio (artigos 270 da LALG e 9 do RBEL).

Terceiro.- As administracións públicas poderán recuperar por si mesmas a posesión indebidamente perdida sobre os bens e dereitos do seu patrimonio, potestade recuperatoria que poderán exercitar en calquera tempo cando se trate de bens de natureza demanial (artigo 55 da LPAP).

Cuarto.- Consonte o artigo 127.j da LBRL, correspóndelle á Xunta de Goberno Local a xestión, adquisición e alleamento do seu patrimonio, así como o exercicio das accións administrativas que lle corresponda no ámbito das súas competencias.

Por todo o anteriormente exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, tras o dictame da Comisión Informativa de Réxime Interior, a adopción do seguinte acordo:

1ª.- Incoar expediente de recuperación de oficio da posesión da parcela nº 1679 de propiedade municipal sita na rúa Luis Ksado.

2ª.- Concederlle a D. José Pérez Villar un prazo de 15 días, a contar dende a notificación do presente acordo de incoación, co fin de que teña a vista do expediente e poida formular as alegacións e presentar a documentación que na defensa dos seus intereses estime conveniente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

31(94).-RECLAMACIÓN DE Dª. CELESTE GÓMEZ BLANCO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 16025/240. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 23.12.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Celeste Gómez Blanco presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 22 de abril de 2003, no que expón que o día 15 de abril de 2003, mentres camiñaba pola avenida Florida, á altura do supermercado Atlántico, tivo unha caída por mor do mal estado da beirarrúa (losetas levantadas), producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do servizo de Vías e Obras, con data 16/06/2003, no que indican que a titularidade e mantemento da avenida Florida (beirarrúas e calzada) é competencia da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda.*
- *Alegacións da Sra. Gómez, en canto que a obriga da Xunta de Galicia non inclúe a conservación e mantemento de beirarrúas e mobiliario.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, con data 14/04/2004, manifestando non constar ningunha solicitude de arranxo da beirarrúa onde ocorreu o accidente.*
- *Informe da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, con data 02/12/2004, no que fan referencia a informes do Servizo provincial de Estradas de Pontevedra que indican que a beirarrúa da avenida Florida non é competencia da Consellería, senón do Concello de Vigo.*

- *Informes do servizo de Vías e Obras, con datas 21/01 e 31/05/2005, manifestando que, na data dos informes, non se apreciaban desperfectos na beirarrúa e se descoñece o estado desta na data do accidente.*
- *Práctica de proba testifical, con data 12/05/2005, ás testemuñas propostas pola reclamante, que confirman os extremos alegados pola Sra. Gómez.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, con data 22/08/2005.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 1.795,04 euros.*
- *Evacuase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 16/12/2005, e reclama unha indemnización de 24,046 euros por cada un dos 56 días de baixa e 56,50 euros en concepto de gastos, o que fai un total de 1.403,07 euros.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

No presente suposto, conséntase na proba testifical practicada durante a instrución do expediente o deficiente estado da beirarrúa, pois había lousetas rotas e outras que se levantaban ó pisalas. Tal circunstancia entraña un

risco especial para os viandantes, xa que se trata dun defecto oculto, que non é visíbel en circunstancias normais de circulación e tránsito, aínda empregando a dilixencia esixíbel como concreción da regra do control da propia deambulacón. Dado que as lousas en mal estado foron a causa eficiente dos danos sufridos pola sra. Gómez, estes poden vincularse ó funcionamento do servizo público e esta Administración deberá responder dos mesmos.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por dona Celeste Gómez Blanco, e indemnizála coa cantidade de 1.403,07 euros, en concepto de danos e perdas consecuencia da súa caída”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

32(95).-RECLAMACIÓN DE D.ALBERTO I. GARCÍA GARCÍA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 82/243. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 26.12.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Alberto Irinio García García presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 20 de febreiro de 2004, no que expón que o día 07 de setembro de 2002, ó circular coa súa motocicleta, matrícula C-8934-BDJ, pola rúa San Paio de Navia, á altura do número 122, caeu por mor da presenza na calzada dunha grande focha sen sinalizar, producíndose diversos danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 01/07/2004, no que manifestan que este departamento non realizara obras no lugar do accidente aínda que, xirada inspección ó devandito lugar, comprobaron que recentemente realizáranse obras da rede de sumidoiros.*
- Parte do servizo da Policía Local, con data 07/09/2002, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, comprobaron a existencia dun afundimento na calzada que coincide co suposto lugar da caída do Sr. García e que entenden que o devandito afundimento puido ser a causa da caída do ciclomotor.*
- Proba testifical ás testemuñas propostas polo reclamante, con data 18/08/2004, que corroboran os feitos relatados polo Sr. García.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 07/09/2004, no que manifestan que no punto sinalado do accidente, realizáranse obras de saneamento pola empresa Constructora Rías Bajas para a concesionaria Aqualia.*
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 15.345,81 euros.*

- Evacuase trámite de audiencia á empresa Aqualia, concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de augas, que formula alegacións con data 20/07/2005.
- Evacuase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións con data 16/03/2005.

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e a conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de tal modo que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

No presente caso, o accidente debeuse a existencia dunha fochanca na calzada, así consta no Parte do servizo da Policía Local. Dado que a fochanca foi a causa eficiente dos danos do vehículo, estes poden vincularse ó funcionamento do servizo público, e esta Administración deberá responder dos mesmos.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Alberto Irinio García García e indemnizalo na contía de 15.345,81 euros polos danos persoais sufridos por mor da caída”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

33(96).-RECLAMACIÓN DE D^a. CÁNDIDA BARREIRO RODAS DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 408/243. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 5.01.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Cándida Barreiro Rodas presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 15 de novembro de 2004, no que expón que o día 23 de abril de 2004, mentres camiñaba pola rúa Isaac Peral, diante da rotonda coñecida como “nudo de Isaac Peral”, tivo unha caída por mor dunhas baldosa mal asentada, caíndo e producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, con data 23/04/2004, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a Sra. Barreiro relátalles o accidente que tivera horas antes; así mesmo, comprobán a baldosa en mal estado, unha mancha de sangue na beirarrúa e restos de cristais que transportaba a Sra. Barreiro no momento da súa caída.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 04/01/2005, manifestando que o lugar onde ocorreu o accidente xa se atopaba reparado na data do accidente.*
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 1.527,12 euros.*
- Práctica de proba testifical, con data 18/05/2005, ás testemuñas propostas pola Sra. Barreiro, que confirman os extremos alegados pola reclamante.*
- Evacuase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións con data 01/06/2005.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste

deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

No presente suposto, conséntase no expediente o deficiente estado da beirarrúa. Tal circunstancia entraña un risco especial para os viandantes, xa que se trata dun defecto oculto, que non é visíbel en circunstancias normais de circulación e tránsito, aínda empregando a dilixencia esixíbel como concreción da regra do control da propia deambulación. Dato que se desprende das declaracións das testemuñas, que manifestan que o feito causante da caída foi a existencia na beirarrúa dunha louseta solta que ó pisala levantábase. Dado que a louseta en mal estado foi a causa eficiente dos danos sufridos pola señora, estes poden vincularse ó funcionamento do servizo público e esta Administración deberá responder dos mesmos.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Cándida Barreiro Rodas, e indemnizála coa cantidade de 1.527,12 euros”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

34(97).- RECLAMACIÓN DE D^a. MARÍA ALONSO MAGÁN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 488/243. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 27.12.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Dona Eugenia Velasco Pazos presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, en nome e representación de Dna. María Alonso Magán, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 02 de febreiro de 2005, no que expón que o día 07 de abril de 2004 o vehículo de propiedade da Sra. Alonso, con matrícula PO-3686-BC, estando estacionado na rúa Marqués de Alcedo, á altura do número 1, sufriu danos materiais por culpa da caída dunha póla sobre o mesmo, danos que son valorados en 2.037,49 euros.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Parte do servizo da Policía Local, con data 07/04/2004, no que os axentes actuantes informan que, persoados no lugar dos feitos, comprobán a existencia dunha póla de grandes dimensión sobre o vehículo da Sra. Alonso así como os danos ocasionados ó mesmo; igualmente, que se persoa no lugar dos feitos un retén de Parques e Xardíns que retiran a póla de encima do vehículo.*
- *Informe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, con data 18/02/2005, que manifestan que a árbore á que se refire a reclamación é de titularidade municipal.*
- *Informe do servizo de Parque Móbil, con data 25/04/2005, manifestando que os prezos contidos na factura nº T/290/2004 de Talleres Hermida Motor, S.L., presentada pola reclamante, por un valor de*

2.037,49 euros son correctos e proporcionais á descrición dos danos; igualmente que estiman o valor venal do vehículo en 1.300 euros.

- Evacúase trámite de audiencia á empresa Cespa, concesionaria do servizo de conservación e reposición de zonas verdes, que formula alegacións con data 11/05/2005.
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións con data 04/07/2005.

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento Administrativo Común:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de parques e xardíns (artigos 25.2.d e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). A Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que os utilicen.

Do exame do expediente dedúcese que a causa eficiente dos danos sufridos polo vehículo da Sra. Alonso foi a caída dunha póla dunha árbore encima do mesmo. Dado que o mantemento e conservación do mesmo correspondíalle ó Concello, o dano pode vincularse o funcionamento do servizo público municipal e esta Administración deberá responder do mesmo.

Por todo o exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Eugenia Velasco Pazos, en nome e representación de Dna. María Alonso Magán, e indemnizala na contía de 1.300 euros, correspondente ó valor venal do seu vehículo”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

35(98).-CREACIÓN DA UNIDADE DE APOIO AO CONSORCIO DO CASCO VELLO.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de recursos humanos, do 25.11.05, conformado polo concelleiro de Xestión municipal, que di o seguinte:

O Consorcio do Casco Vello de Vigo créase en desenvolvemento do Convenio de Colaboración subscrito en data de 10 de marzo de 2004 e do de creación subscrito en data de 3 de febreiro de 2005, constituído pola Xunta de Galicia, a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo; o Consorcio da Zona Franca de Vigo e o Excmo. Concello de Vigo, co obxectivo por parte das entidades consorciadas de unir os seus esforzos para levar a cabo de xeito adecuado e racional unha serie de actuacións e intervencións que contribúan ó proceso de rehabilitación da súa Área de Rehabilitación Integrada (ARI) delimitada o Casco Vello de Vigo, mediante a adquisición de terreos, a adquisición e rehabilitación de inmobles e a rehabilitación e mellora do medio urbano, todo isto de acordo coas previsións do Plan Especial e Reforma Interior (PEPRI) do ámbito.

O instrumento de colaboración elixido e a finalidade que persigue fai do Consorcio un elemento clave na execución do planeamento previsto para este ámbito así como para a rehabilitación de dita zona e a posta en valor dos seus elementos máis significativos.

Igualmente debe indicarse que no artigo 21.2 dos estatutos do Consorcio se dispón o seguinte:

“2. Non obstante, os labores do consorcio poderán ser realizados polo persoal das entidades e administracións integrantes del, mediante as formulas de colaboración ou adscrición que en cada caso se acorden.”

En aplicación do citado precepto e segundo escrito do seu Xerente de data 20 de setembro de 2005, solicítase o Concello de Vigo, como ente consorciado a adscrición de funcionarios para desenvolver no Consorcio do Casco Vello de Vigo tarefas propias deste ente.

Por tales razóns, o Consello de Administración, na sesión celebrada o seis de outubro de 2005, entre outros, adoptou o seguinte acordo:

Interesar do Concello de Vigo a adscrición de D. Rafael González Sanmartín e de D. Jaime Rodríguez Vázquez, e de un auxiliar administrativo ó obxecto de que desenvolva no Consorcio do Casco Vello funcións similares en relación con tarefas propias deste ente, sendo de conta do indicado consorcio os custos tanto retributivos como sociais, os cales se satisfarían o Concello de Vigo, mediante unha transferencia periódica.

Por todo iso e segundo orden de Servizo da Alcaldía-Presidencia de data 23 de xaneiro de 2006, propónse a creación dentro do organigrama municipal da “Unidade de apoio o Consorcio do Casco Vello ”. Dita Unidade deberá asumir:

- *Funcións de índole técnica relacionadas coa actividade de rehabilitación: Instrucción de expedientes que deban ser resoltos polo Concello e, de forma especial a emisión de informes.*
- *Funcións de índole administrativa: Tareas administrativas, normalmente de trámite e colaboración (mecnografía, taquigrafía, despacho de correspondencia, cálculo sencillo, arquivo de documentos e outros similares)*
- *Funcións de índole informativa: Información o público sobre as actividades de rehabilitación encomendadas o Consorcio.*
- *As demais funcións que lle encomende a Xunta de Goberno Local.*

A Unidade de apoio o Consorcio do Casco Vello propónse sexa creada mediante a reasignación de efectivos do persoal en servizo activo que a continuación se relaciona:

–Jaime Rodríguez Vazquez, nº persoal 76570, con praza e posto de Auxiliar de Servizos Internos actualmente adscrito o servizo de Estatística.

–Rafael González Sanmartín, nº de persoal 76086, con praza e posto de delineante e actualmente adscrito o servizo de Patrimonio Histórico.

Polo exposto anteriormente, e no exercicio das facultades atribuídas a Xunta de Goberno Local, art. 127.1.H, da Ley de Bases de Réxime Local, sométese a ésta, a consideración da seguinte

PROPOSTA:

1. *Creación dentro da Área de Asuntos Sociais (Cultura e festas, educación, patrimonio histórico, sanidade e normalización lingüística), co código nº 017 , a Unidade de apoio o Consorcio do Casco Vello, como unidade independente, e baixo a supervisión directa da Alcaldía, composta inicialmente polo persoal que se indica a continuación:*

–D. Jaime Rodríguez Vázquez, nº persoal 76570, con praza e posto de Auxiliar de Servizos Internos actualmente adscrito ó servizo de Estatística.

–D. Rafael González Sanmartín, nº de persoal 76086, con praza e posto de delineante e actualmente adscrito ó servizo de Patrimonio Histórico.

2. *Readscribir ao citado persoal á devandita unidade administrativa.*
3. *Que na primeira modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT) vixente, se engadan os cambios organizativos antes citados.*
4. *A efectos orzamentarios, unha vez que se acorde pola Xunta de Goberno Local a creación da devandita unidade, pola Intervención Xeral procederase a creación do programa 4310 (Consorcio Casco Vello de Vigo), adscribíndose ao mesmo os créditos do persoal que se relaciona no apartado 1.- da proposta, transferendose estes dos programas de estatística (5510) e Patrimonio Histórico (4531).*

A contía a calcular a efectos de face-la modificación de crédito será a correspondente o conxunto das retribucións fixadas para cada exercicio cos incrementos legais que correspondan.

Así mesmo e para solicitar a correspondente transferencia ó Consorcio Casco Vello de Vigo deberase incluír o importe da seguridade social a cargo do Concello e as axudas sociais dos funcionarios e empregados municipais reasignados.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

36(99).-ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e trinta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molares Pérez